

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA CATORCE DE DECEMBRO DE 2010, CON CARÁCTER  
ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA  
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ  
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE  
D<sup>a</sup>. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO  
Escusa asistencia D<sup>a</sup>. ANA BELÉN PICÓN COTOS  
Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día catorce de decembro de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o trinta de novembro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes


**2º.- Instancias de obras de particulares**

**2.1.- Instancia num. 1.997/10 de don Julio Ponte Garea**

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, expón que a Xunta de Goberno en sesión celebrada o 07/09/2010 concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Bazar -Trobe (expediente 2010/0008/000013) e téndose modificado o proxecto previsto inicialmente, solicita a anulación da citada licenza ao terse solicitado unha nova, e a compensación do importe do imposto xa ingresado coa liquidación da nova licenza que se solicitou.

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado

**2.2.- Instancia num. 1.941/10 de don Julio Ponte Garea**



Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Bazar -San Andrés de Trobe, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 50% da parcela neta; num. Plantas S+B+1. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente inferior a 0,40 m<sup>2</sup> de superficie edificable baixo teito por cada m<sup>2</sup> de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don José A. Hernando Ezquerro cun orzamento de 188.270,50 euros

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 29 da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ó seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia. Ademais a distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos estremeiros será de 3,00 mts , debendo gardar a distancia das aliñacións respectos dos viais

2º.- Así mesmo e á vista do disposto na lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, acéptase a cesión de viais segundo o disposto na documentación presentada ó efecto (159,95 mts).

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, logo de descontada a liquidación da licenza anulada (2010/0008/000013), que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil trescentos sesenta e catro euros con oitenta e dous céntimos (#1.364,82#)


### 2.3.- Instancia num. 1.790/10 de don Manuel Botana Carreira

Dáse conta da citada instancia na que o interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para proceder á parcelación da finca num. 1.162 de concentración parcelaria de Ribadulla, situada en Afós, en solo cualificado no PXOM como de expansión de núcleo rural (N-2) en dúas parcelas resultantes, de acordo co proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Javier Bellet García

A Xunta de Goberno, a vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza de parcelación da finca 1162 nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros

### 2.4.- Instancia num. 1.793/10 de don Jorge Constenla Jorge e dona Concepción Constenla Jorge

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en San Xián de Sales, solicitan licenza para a reconfiguración de lindes das fincas nums.



181 e 182 do plano xeral de concentración parcelaria de San Xián de Sales, situadas no lugar de A Torre, en solo cualificado no PXOM como rústico de especial protección agropecuaria (R-2), de acordo co proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Javier Bellet García

A Xunta de Goberno, a vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros

#### 2.5.- Instancia num. 1.848/10 de dona Margarita Devesa Cardelle

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Vedra, solicita licenza para proceder á parcelación da finca num. 591 do polígono 503 de concentración parcelaria de Vedra, situada en Pousada de Abaixo, en solo cualificado no PXOM como de expansión de núcleo rural (N-2) e solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2), en tres parcelas resultantes de acordo co proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Brais Vázquez Rey.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza de parcelación nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesoureiría municipal, que ascenden á cantidade de cento oitenta (#180,00#) euros

#### 2.6.- Instancia num. 1.998/10 de don Jesús M. Tallón Maceira

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en A Estrada, solicita licenza para o derrubamento de dúas naves situadas en Fraíz-Merín, en solo cualificado no PXOM como de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM, de acordo co proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Javier Bellet García, cun orzamento de 2.070,00 euros

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: axustarse ó proxecto presentado; o prazo para a execución será de un mes debendo comunicarlle ó concello a data do derrubamento con un mínimo de 15 días de antelación para tomar medidas oportunas; deberá colocar un cercado na fronte da parcela dunha altura mínima de 2 mts de materiais que ofrezan seguridade debendo deixar un paso para os peóns na calzada de polo menos 60 cm. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de corenta e un euros con corenta céntimos (#41,40#)

#### 2.7.- Instancia num. 1.883/10 de dona María García Pereiro

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para proceder á parcelación da finca num. 790, polígono 506, de San Miguel de Sarandón, situada en Sarandón, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM, en dúas parcelas resultantes de acordo



co proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don José Manuel Pena Alonso

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza de parcelación nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesoureiría municipal, que ascenden á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros

#### 2.8.- Instancia num. 1.881/10 de dona Eva María Barreiro Rial

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Andrés de Trobe, solicita licenza para proceder á parcelación da finca num. 497, polígono 505, de San Andrés de Trobe, situada en Vilarpiñeiro, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) e solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM, en tres parcelas resultantes de acordo co proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don José Manuel Pena Alonso

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza de parcelación nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesoureiría municipal, que ascenden á cantidade de cento oitenta (#180,00#) euros

#### 2.9.- Instancia num. 2.041/10 de dona Lourdes Bao Cebeiro

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Sarandón, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta; num. Plantas S+B. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente inferior a 0,30 m<sup>2</sup> de superficie edificable baixo teito por cada m<sup>2</sup> de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Jesús Estévez Loureiro cun orzamento de 112.440,48 euros

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza, debendo antes de comezar as mesmas presentar no concello o oficio e dirección do arquitecto técnico e certificación da empresa subministradora de enerxía eléctrica que garanta a subministración da vivenda proxectada

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Concederlle a licenza solicitada debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 29 da lei 9/2002, deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licencia de primeira ocupación condicionada ó seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia. Así mesmo a fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos estremeiros será de 3,00 mts debendo gardar a distancia das aliñacións respecto dos viais.

2º.- Así mesmo e á vista do disposto na lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, acéptase a cesión de viais (91,30 m<sup>2</sup>) segundo o disposto na documentación presentada ó efecto.



Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil douscentos corenta e oito euros con oitenta e un céntimos (#2.248,81#))

2.10.- Instancia num. 1.749/10 de dona Silvia Torres López e don Juan José Claro Rey

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en San Andrés de Illobre, expón que a Xunta de Goberno en sesión celebrada o 27/11/2010 concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar na finca num. 273-2, situada en Piñeiro (expediente 130/2007), e debido a dificultades de financiamento derivadas da actual coitura-financeira que atravesa o país foi imposible rematar a obra da vivenda no prazo concedido na licenza, polo que solicita a concesión dunha prórroga para rematar a mesma

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha prórroga de 18 meses.

### **3º.- Acordo sobre cambio de titularidade de licenza de apertura de establecemento**

Vista a solicitude núm. 1961/10 presentada por M<sup>a</sup> Isabel Calviño López para transmisión da titularidade da licenza de apertura de establecemento destinado a *servizo de alimentación en restaurante*, sito no lugar de Sol da parroquia de Santa Cruz de Ribadulla, deste termo,

Considerando que non variaron as condicións obxectivas que determinaron, no seu día, a concesión da licenza con data do 27/12/1973 e que se cumpren os requisitos que establece o art. 13 do Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 1955.

Visto o disposto polos artigos 24,e) do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e o 41.9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, a Xunta de Goberno Local ACORDA

Primeiro.- Autorizar a transmisión solicitada, sen prexuízo das restantes autorizacións que, de ser o caso, corresponda outorgarlle a outros organismos públicos, sempre e cando non variaran as condicións que determinaron a concesión da licenza no seu día.

Segundo.- Aproba-la liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención Municipal, que ascendeu á cantidade de cento vinte euros con vinte céntimos (#120,20#) xa ingresada previamente nas arcas municipais.

Terceiro.- Notifíquese, en forma regulamentaria, ao transmitente e ao adquirente.

4º.- Acordo sobre legalización para recoñecemento actividade de panadería e pastelería en Ponte Ulla



Á vista da solicitude presentada por Francisco J. García Rendo, en representación de O Forno da Ulla, S.L., para legalización para recoñecemento da actividade de panadería e pastelería no lugar de Ponte Ulla da parroquia de Ponte Ulla e á vista do contido do escrito remitido polo Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no que se resolve a non necesidade de someter a actividade ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental, debendo ter en conta as seguintes medidas protectoras e correctoras: Todos os residuos que se xeren como consecuencia da instalación, explotación e desmantelamento deberán se entregados a xestor autorizado; Para a evacuación dos fumes e gases procedentes da instalación deberase contar cun shunt independente ao do resto do edificio, e o conduto de evacuación deberá supera-la cumbreira do edificio; As tubaxes de evacuación de condensados das cámaras estarán dotadas de sifón individual. Os sumidoiros, situados en chan, estarán dotados de dispositivo sifónico que impieda o retroceso dos malos cheiros e o paso de roedores.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda, en función do disposto no artigo 196.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, a proposta de resolución favorable para recoñecemento da actividade de panadería e pastelería en Ponte Ulla (Ponte Ulla).

#### **5°.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía**

5.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e nove de novembro do ano que andamos, pola que se archiva o expediente instruído para escombreira de finos, nova balsa de decantación e ampliación da zona do banco tres en Mina Serrabal (expediente 2/96) ao quedar acreditado que as actividades obxecto do mesmo por diversas circunstancias non teñen razón de ser ao estar expandidas ou restauradas e integradas no ambiente

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data tres de decembro do ano que andamos, pola que se acorda adxudicar á empresa Métal. Lics. Tordera, S.L o contrato de subministración de soportes para colectores de RSU, financiados integramente pola Deputación Provincial, no prezo de 74.370,60 euros máis IVE (940 soportes: 470 soportes aos 45 días dende a formalización do contrato e 470 aos 90 días; 3 anos de garantía)

A Xunta de Goberno dáse por enterada

#### **6°.- Outros asuntos**

6.1.- Gratificacións por reparto boletín municipal



A Xunta de Goberno acorda concederlle unha gratificación aos establecementos que colaboraron no reparto do boletín municipal durante o ano 2010 por importe de cen euros (100,00#)

Conclúe ao fio das vinte e dúas horas

